

## Matrícula ABAU 2022

O alumnado de 2º de bacharelato coñecerá oficialmente os seus resultados académicos o día 18 de maio de 2022 a través de Abalar e a entrega de boletins será o día 19 de maio ás 9:00hs. As xestións necesarias para formalizar a matrícula na ABAU 2022 terán que resolverse entre o 19 e o 23 de maio. Ofrecémosche unhas indicacións para que todo che resulte máis doado:

**1. Pagamento das taxas do título de Bacharelato.** Para este trámite utilizarás un documento que estará dispoñible na Secretaría do centro. Despois terás que levalo a unha entidade bancaria e farás o pagamento. A entidade quedará coa copia que lle corresponde, ti con outra e a terceira traerala ao centro. No caso de que teñas dereito a redución por familia numerosa, deberás traer tamén o documento que o acredite.

**2. Pagamento das taxas da ABAU.** Poderás recoller o documento en Secretaría ou utilizar a versión electrónica en NERTA.

**3. Impreso de prematrícula na ABAU.** Poderás recollelo na Secretaría do centro.

**4. Entrega no centro dos tres documentos anteriores:** a folla das taxas do título, a copia do pagamento das taxas da ABAU e o impreso de prematrícula.

**5. O prazo oficial para realizar todas estas xestións rematará o 23 de maio (ás 13.00 h).** De todas formas, é moi importante que resolves o teu trámite antes desta data para evitar os típicos problemas e imprevistos de última hora.

Unha vez confirmada a matrícula, recibirás no teu correo electrónico o código que necesitarás para ter acceso a [NERTA](#), a aplicación informática na que realizarás todas as xestións relacionadas coa ABAU e a solicitude de preinscrición en titulacións con límite de prazos do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

### **Resumo de ligazóns de interese:**

- [Espazo web da CIUG](#)
- [Instrucións para a matrícula ABAU 2022](#)
- [Protocolo ABAU 2022](#)
- [Aplicación NERTA](#)
- [Impreso de taxas ABAU](#)
- [Impreso de prematrícula ABAU](#)
- [Táboa de ponderacións 2022/2023](#)
- [Resolución do 11 de febreiro de 2022 \(DOG do 22 de febreiro\)](#)
- [Preguntas frecuentes sobre a ABAU](#)
- [Horario ABAU](#)